

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 8 DE ABRIL DE 2024

### 1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00016171W.

[Aprobación de actas de sesións anteriores.]

Acórdase aprobar a acta correspondente á sesión ordinaria de Xunta de Goberno Local de data 1 de abril de 2024.

### 2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00015055V.

[Licenza obra nova para construción de nave comercial sen uso definido na rúa da Rioxa, 8.]

Acórdase:

Primeiro: Conceder licenza de OBRA NOVA para construción de nave comercial sen uso definido na RUA DA RIOXA, 8, con referencia catastral 0602403NH4500D0000TB, parcela de resultado L1a02, do Polígono da Sionlla, segundo Proxecto técnico e anexo redactados polo enxeñeiro técnico industrial Francisco Ansedes Domínguez co visado colexial de data 15/03/2023 e 09/06/2023, cun orzamento de execución material de 170.964 €, baixo a dirección de obra do proxectista.

As actuacións consistirán na construción de edificación comercial sen actividade definida (B+1) cunha ocupación en planta de 450 m<sup>2</sup>, superficie construída de 630 m<sup>2</sup> e altura de 10 metros.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa Ordenanza 1 Edificación acaroadada Variante 1A do Proxecto sectorial da Sionlla.

### 3. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2023/00029189Y.

[Licenza de OBRA NOVA para construción de edificación destinada a oficinas na RUA DO PAÍS VASCO, 45]

Acórdase:

Primeiro: conceder licenza de OBRA NOVA para construción de edificación destinada a oficinas na RUA DO PAÍS VASCO, 45, con referencia catastral 1108712NH4510G0000HT, parcela de resultado G3c01f, do Polígono da Sionlla, segundo Proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta Marta Marcos Maroño co visado colexial de data 28/06/2023 e anexo co visado colexial de 21/12/2023, cun orzamento de execución material de 525.000 €, baixo a dirección de obra do proxectista e dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde co arquitecto técnico Jesús Jaime Pazos Perez.

As actuacións consistirán na construción de nave de catro plantas (S+B+2) destinada a oficinas cunha ocupación en planta de 417,91 m<sup>2</sup>, superficie construída de 1545,09 m<sup>2</sup> e altura de 12 metros.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa Ordenanza 3 Edificación semiacaroadada Variante 3C do Proxecto sectorial da Sionlla.

### 4. PATRIMONIO. Referencia: 2024/00008552L.

[Autorización para a transmisión da parcela de protección BB5 do SUNP-11]

Acórdase autorizar a transmisión da parcela de protección denominada **BB-5 do SUNP-11(VPA-RE)** polo mesmo prezo de adxudicación de 253.100 euros máis IVE,

debedo subrogarse o comprador na posición xurídica do adxudicatario, con suxeición ás limitacións e condicións establecidas no alleamento da parcela municipal que deberán reproducirse na escritura de venda. |

#### 5. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00050084V.

|Aprobación do expediente de contratación “Servizo de desratización e desinsectación no termo municipal de Santiago de Compostela” |

Acórdase:

**Primeiro:** aprobar o expediente de contratación do *Servizo de desratización e desinsectación no termo municipal de Santiago de Compostela*, cun orzamento base de licitación de 58.557,18 € (base imponible de 48.394,36 € e IVE do 21% de 10.162,82 €).

**Segundo:** abrir o procedemento aberto simplificado de adxudicación, de acordo co artigo 159 da LCSP.

**Terceiro:** autorizar o gasto correspondente por importe de 58.557,18 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 040 31100 2270000, coa seguinte desagregación por anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE
2024 (9 meses)	21.958,94 €
2025	29.278,59 €
2026 (3 meses)	7.319,65 €
TOTAL	58.557,18 €

#### 6. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00037163E.

|Adxudicación do contrato do servizo da dirección facultativa, dirección de obra e coordinación da seguridade e saúde das obras do proxecto "Reurbanización da rúa do Pombal" a ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, SA., que presenta unha proposición económica de 25.950,00 €, IVE excluído |

Acórdase:

**Primeiro:** Excluir as empresas:

- ROQUE VIEJO VIÑAS por non cumprir os requisitos mínimos de medios humanos establecidos no punto 1.3. do prego de condicións técnicas.
- INGENIERÍA, ESTUDIOS Y PROYECTOS EUROPEOS, SL por non identificar no Anexo IV a persoa para a valoración da traxectoria profesional da dirección de obra e non describir os traballos a valorar na traxectoria profesional da dirección de execución de obra.
- SEPIA TÉCNICOS, SL por non xustificar a súa oferta considerada anormal ou desproporcionada.

**Segundo:** Adxudicarlle, por ser a súa a mellor oferta, a ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, SA, o contrato que ten por obxecto o *Servizo de Asistencia Técnica da Dirección Facultativa (dirección de obra + coordinación da seguridade e saúde) das obras do proxecto "Reurbanización da rúa do Pombal"*. Presenta unha proposición económica de 25.950,00 € sen IVE, que cun IVE do 21% por importe de 5.449,50 € fai un total de 31.399,50 €.

**Terceiro:** Comprometer un gasto por importe de 31.399,50 € con cargo ás aplicación orzamentaria 040 15321 6190000 (Código de proxecto: 2022 REURB 12 1).|

#### 7. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00050859X.

|Adxudicación do contrato de “Obras de Reurbanización da rúa do Pombal” á UTE

REURBANIZACION POMBAL (INSIDE-OVIGA) por importe de 605.305,79 euros sen IVE

Acórdase:

**Primeiro:** considerar retirada a oferta da empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., ao abeiro e cos efectos do establecido no artigo 150.2 da LCSP.

**Segundo:** adjudicarlle, por ser a única oferta admitida, á UTE REURBANIZACION POMBAL (INSIDE-OVIGA), respectivamente, o contrato que ten por obxecto das *Obras de Reurbanización da rúa do Pombal*, que presenta unha proposición económica de 732.420,01 € (base imponible 605.305,79 € máis IVE do 21% 127.114,22 €).

Ademais, a UTE REURBANIZACION POMBAL (INSIDE-OVIGA) ofertou:

- Ampliación do prazo de garantía, por riba do mínimo exixido: 5 anos a maiores.
- Ampliación das medidas de control de calidade sobre o 1% obrigatorio: 2%.
- Ampliación das medidas de control de control ambiental por riba do orzamento de licitación (IVE Excluído): 2%.

**Terceiro:** Comprometer un gasto por importe de 732.420,01 € con cargo ás aplicación orzamentaria 040 15321 6190000 (código de proxecto: 2022 2 REURB 12).

## 8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00055696K.

Adxudicación do contrato de servizo de traballos de actualización do catastro de Santiago de Compostela a CARTOGRAFÍA E MEDICIÓN S L

Acórdase:

**Primeiro:** excluír do procedemento de adxudicación a LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS SL e VIAMAPA SERVICIOS DE TOPOGRAFÍA,SA, por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido na cláusula 10.1 do PCAP para poder continuar no procedemento de adxudicación.

**Segundo:** adjudicarlle, por ser a súa oferta a máis vantaxosa, o contrato que ten por obxecto o *Servizo de traballos de actualización do catastro de Santiago de Compostela* a CARTOGRAFÍA E MEDICIÓN S L. Oferta unha baixa sobre o orzamento base de licitación do 24 %.

**Terceiro:** reaxustar, autorizar e comprometer un gasto por importe de 306.363,33 € con cargo á aplicación orzamentaria 030 93100 2270601 coa seguinte desagregación por anualidades:

DESAGREGACIÓN DO ORZAMENTO POR ANUALIDADES				
2024	2025	2026	2027	TOTAL
68.080,74 €	102.121,11 €	102.121,11 €	34.040,37 €	306.363,33 €

## 9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00040524W.

Adxudicación do contrato Obras de "Rehabilitación de firmes de vías urbanas 2023" a MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L

Acórdase:

**Primeiro:** admitir a retirada da oferta de EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A. por presentar escrito no que comunica que retira a oferta e desiste da adxudicación do contrato ao abeiro do sinalado na cláusula 21 do PCAP, tras ser proposto como adxudicatario por ser a mellor oferta.

**Segundo:** Adxudicarlle, por ser a súa segunda mellor oferta, a MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL (MARCONSA) o contrato que ten por obxecto as *Obras de "Rehabilitación de firmes de vías urbanas 2023"*, que presenta unha proposición económica de 302.998,01 € (base imponible 250.411,58 € máis IVE do 21% 52.586,43 €).

Ademais, MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL (MARCONSA) ofertou:

- Ampliación do prazo de garantía, por riba do mínimo exixido: 5 anos a maiores.
- Ampliación das medidas de control de calidade sobre o 1% obrigatorio: 10 %.
- Ampliación das medidas de control de control ambiental sobre o 1% obrigatorio: 10 %.

**Terceiro:** Comprometer un gasto por importe de 302.998,01 € con cargo ás aplicación orzamentaria 040 15321 6190000 (código de proxecto: 2.022 2 VIASU 14 1).

#### **10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00046560N.**

Adxudicación do contrato "Obras de execución do proxecto "Reforma do viario A Pajuela-Campo da festa de Marrozos (fase I)" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 2ª fase da Deputación Provincial da Coruña" a ALCOMTE GALICIA SL

Acórdase:

**Primeiro:** adxudicarlle, por ser a súa oferta a máis vantaxosa, o contrato que ten por obxecto as *Obras de execución do proxecto "Reforma do viario A Pajuela-Campo da festa de Marrozos (fase I)" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 2ª fase da Deputación Provincial da Coruña* a ALCOMTE GALICIA SL, que presenta unha proposición económica de 439.929,65 € (base imponible de 363.578,22 € máis IVE do 21% de 76.351,43 €).

**Segundo:** Comprometer un gasto por importe de 439.929,65 € con cargo á aplicación orzamentaria 070 45400 6190000 (Código de proxecto 2022 2 PPROV 35 8).

#### **11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00018071C.**

Adxudicación do contrato da Dirección Facultativa (DO+DEO+DEI+CSS) das obras de "Reurbanización da rúa García Lorca" a ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, SA por importe de 68.909,50 €, IVE engadido.

Acórdase:

**Primeiro:** excluír do procedemento de adxudicación PROYFE, SL por non cuantificar nin xustificar os custos derivados de tarefas que deben realizar segundo o exixido no PPT o director de obras, o director de execución de obra, o director de execución de instalacións e mailo coordinador de seguridade e saúde.

**Segundo:** Adxudicarlle, por ser a súa a mellor oferta, a ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, SA o contrato que ten por obxecto a *Dirección Facultativa (DO+DEO+DEI+CSS) das obras de "Reurbanización da rúa García Lorca"*. Presenta unha proposición económica de 68.909,50 € (base imponible 56.950,00 € máis IVE do 21% 11.959,50 €).

**Terceiro:** Comprometer un gasto por importe de 68.909,50 € con cargo á aplicación orzamentaria 040 15321 6190000 (código de proxecto: 2.018 2 PVITE 46 1).

#### **12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00031583P.**

Reaxuste das anualidades do contrato de "Servizo de dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das actuacións de mellora de eficiencia

enerxética do alumeado público exterior do Concello de Santiago de Compostela”. Acórdase proceder ao reaxuste das anualidades do contrato de “Servizo de dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das actuacións de mellora de eficiencia enerxética do alumeado público exterior do Concello de Santiago de Compostela” adxudicado a SAWATCO IBERICA, SLU. - ATOMO ESTUDIO TECNICO, SL., UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS Ley 18/1982, Unión Temporal de Empresas, en anagrama U.T.E. SAWATCO-ATOMO, adaptándoas á realidade do servizo do seguinte xeito:

Anualidade 2023: 78.893,08 euros

Anualidade 2024: 100.933,21 euros

### 13. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00059059F.

Revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do inmovible denominado Casa Parroquial de Barciela para uso sociocultural e asociativo da parroquia de Barciela, no lugar de Sigüeiro,

Acórdase:

**Primeiro.-** Proceder a revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do inmovible denominado Casa Parroquial de Barciela para uso sociocultural e asociativo da parroquia de Barciela, no lugar de Sigüeiro, propiedade de La Iglesia Católica, Arzobispado de Santiago de Compostela, segundo as variacións experimentadas polo IPC no período comprendido entre febreiro de 2023 e febreiro de 2024, que supón un incremento relativo do 2,8 %, quedando fixado o prezo do contrato, a partir do 3 de marzo de 2024 no **importe mensual de 405,26 € mais IVE (totat: 490,36 €), e importe anual de 5.884,32 € IVE incluído.**

**Segundo.-** Aprobar e comprometer o gasto correspondente a incremento do IPC de 132,70 € para o período do 03/03/2024 ata 31/12/2024 e de 27,62 € para o período 01/01/2025 ata 02/03/2025 que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 060 33403 2020000 CSC. ARRENDAMENTOS EDIFICIOS E OUTRAS CONSTR, reservándose estas cantidades en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, a súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios.

### 14. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00049613X.

Resolución por mutuo acordo (artigo 211.1 c) da LCSP) do contrato das Obras de execución do proxecto básico de acondicionamento interior do Salón de Plenos do Concello de Santiago de Compostela asinado coa empresa JOSÉ MANUEL NEIRA IGLESIAS.

Acórdase:

**Primeiro.-** Proceder a resolución por mutuo acordo (artigo 211.1 c) da LCSP) do contrato das Obras de execución do proxecto básico de acondicionamento interior do Salón de Plenos do Concello de Santiago de Compostela asinado coa empresa JOSÉ MANUEL NEIRA IGLESIAS, que renuncia a calquera tipo de indemnización en concepto de danos e prexuízos en relación a este contrato.

**Segundo.-** Autorizar a cancelación da garantía definitiva por importe de 3.702,77 € (artigo 111.1 da LCSP) constituída por JOSÉ MANUEL NEIRA IGLESIAS, para responder do contrato de *Obras de execución do proxecto básico de acondicionamento interior do Salón de Plenos do Concello de Santiago de Compostela EXPTE 2022/49613X).*

**15. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00043087N.**

Autorizar a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva para responder do contrato de “Asistencia técnica para a realización dun estudio das redes de saneamento do Mercado de Gando de Amio” Expte.- 221/06. |

Acórdase a autorizar a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituído pola empresa, AQUAGEST, S.A., (agora VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, SAU), por importe de 795,13 euros (Avalista: BANCO ESPAÑOL DE CREDITO, SA., para responder do contrato de “Asistencia técnica para a realización dun estudio das redes de saneamento do Mercado de Gando de Amio” Expte.- 221/06. |

**16. PRESIDENCIA E TURISMO. Referencia: 2024/00015553M.**

Aprobación da solicitude de subvención para o apoio, a promoción e a difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia convocada pola Axencia de Turismo de Galicia |

Acórdase:

**Primeiro.** Aprobar a solicitude de axuda da convocatoria de subvencións á concellos para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia para gastos da Semana Santa de Santiago de Compostela do ano 2024, convocadas pola Axencia Turismo de Galicia mediante resolución do 4 de marzo de 2024 (DOGA núm.52 do 13 de marzo de 2024), por importe de 5499,59 € e polos seguintes conceptos de gastos:

CONCEPTO	IMPORTE	IVE (21%)	TOTAL
IMPRESIÓN (5.550 unidades) Programa tamaño 16x16 cm de 40 páxs. interiores impresas 4/4 tintas en estucado mate de 135 gr. Portada impresa a 4/4 tintas en estucado mate de 200 gr. <u>Encadernación</u> grapada en caballete	3079 €	646,59 €	3725.59 €
MAQUETACIÓN PROGRAMA SEMANA SANTA 2024 Maquetación de programa 40 <u>páxinas + cubertas</u>	600 €	1260 €	726 €
REPORTAXE FOTOGRÁFICO da SEMANA SANTA 2024	866,12 €	181.89 €	1048 €
<b>TOTAL</b>			<b>5499,59 €</b>

Segundo. Aprobar o compromiso de que se vai financiar o importe da actividade de apoio, promoción e difusión da Festa de Semana Santa de Santiago 2024, que non resulte subvencionado ao abeiro da convocatoria de subvencións antes citada, convocada pola Axencia de Turismo de Galicia por anticipado de gasto para o ano 2024, ata o importe total da execución prevista segundo a documentación achegada coa solicitude de subvención.

Terceiro. Acollerse ao convenio marco entre a Axencia de Turismo de Galicia e a entidade financeira ABANCA para o “apoyo á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade Autónoma de Galicia” polo que esta

entidade financeira achega para a promoción da festa un importe de 1.500 euros. |

**17. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIADADÁ. Referencia: 2024/00013739P.**

Autorizar e dispoñer dun crédito para o ano 2024 por importe de 1.753.453,11€ para o abono da prestación do servizo da ORA, guindastre e depósito e de 150.927,00€ para a xestión da pasarela intermodal do Hórreo, así como a aprobación das tarifas de ambas as dúas para a referida anualidade. |

Acórdase: |

1. Aprobar as tarifas pola xestión da pasarela de acceso á estación de autobuses para o exercicio 2024, de conformidade co informe da xerencia, transcrito, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2024.

2. Aprobar as tarifas propostas para cada un dos servizos que forman parte do encargo de xestión da entidade TUSSA da ORA, GUINDASTRE e DEPOSITO DE VEHÍCULOS, con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2024, de acordo co informe da xerencia que se recolle nas consideracións e que serán as seguintes:

<i>SERVIZO</i>	<i>CUSTES para Tussa</i>	<i>HORAS SERVIZO</i>	<i>CUSTE/HORA 2024</i>
<i>Servizo ORA</i>	<i>1.001.991,20</i>	<i>23.594</i>	<i>42,47</i>
<i>Servizo GUINDASTRE</i>	<i>386.080,93</i>	<i>7.700</i>	<i>50,14</i>
<i>Servizo DEPÓSITO</i>	<i>365.380,98</i>	<i>8.784</i>	<i>41,60</i>

**1.753.453,11**

3. Autorizar e dispoñer dun crédito de 150.927,00€ e de 1.753.453,11€ con cargo ás partidas orzamentarias 060 44110 4490000 e 060 13300 2279900, respectivamente, para sufragar os gastos ocasionados pola xestión da pasarela intermodal e pola prestación do servizo da ORA, guindastre e depósito á Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago S.A. (TUSSA) para o ano 2024. |

**18. COMERCIO. Referencia: 2024/00016138S.**

Aprobación das bases da convocatoria para participar no 5º Mercado do libro no eido da celebración do Banquete de Conxo |

Acórdase aprobar as bases da convocatoria para participar no 5º Mercado do libro no eido da celebración do Banquete de Conxo. |

**19. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2024/00015881B.**

Validación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda da F/2024/812 expedida pola UTE SAWATCO IBERICA SLU - ATOMO ESTUDIO TECNICO por importe total de 16.850,91 euros correspondente ao contrato administrativo relativo ao Servizo de dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das actuacións de mellora de eficiencia enerxética do alumeadado público exterior do concello de Santiago de Compostela (Expediente 2023/12192Y CON2023000017) |

Acórdase: |

1. Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente polos gastos derivados da factura F/2024/812 expedida por SAWATCO IBERICA SLU - ATOMO ESTUDIO TECNICO SL UNION TEMPORAL DE EMPRESAS por importe total de 16.850,91 euros en concepto de servizo de dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das actuacións de mellora de eficiencia enerxética do alumeadado

público exterior do concello de Santiago de Compostela (CON2023000017), emitida o 14-02-2024.

2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe total 16.850,91 euros, correspondentes á factura F/2024/812 expedida por SAWATCO IBERICA SLU - ATOMO ESTUDIO TECNICO SL UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, en concepto de servizo de dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das actuacións de mellora de eficiencia enerxética do alumado público exterior do concello de Santiago de Compostela, emitida o 14-02-2024.

3. Importe total da prestación realizada: 16.850,91 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 040 16500 2270600.

## **20. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2024/00016341B.**

Designación de representante na candidatura para a Xunta Directiva da asociación REDEL.

Acórdase:

**Primeiro.** Formar parte da candidatura á Xunta Directiva da “Red de Entidades para el Desarrollo Local REDEL” (no sucesivo REDEL), asumindo no caso de resultar escollida a candidatura o cargo de presidente/a.

**Segundo.** Designar a dona Carme Casado Casado, para que sexa o seu representante na Xunta Directiva de REDEL.

## **21. RELACIÓNS VECIÑAIS E MOCIDADE. Referencia: 2024/00013226R.**

Aprobación da convocatoria de subvencións a asociacións veciñais sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral durante o exercicio 2024

Acórdase:

1. Aprobar as bases da convocatoria de subvencións dirixidas ás asociacións de veciños de Santiago de Compostela, para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral.
2. Autorizar o gasto de 98.000,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 070 33404 4890100/2024.

## **22. DEPORTES. Referencia: 2024/00000897T.**

Cesión puntual do Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro e campo de adestramento de San Lázaro II a favor da Asociación Centro Xuvenil Don Bosco de Santiago DEC o día 4 de maio de 2024.

Acórdase autorizar o uso do Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro e do campo de adestramento San Lázaro II á Asociación Centro Xuvenil Don Bosco de Santiago DEC o día 4 de maio de 2024, condicionado aos criterios de uso específicos que se determinen polo Departamento de Deportes, para a organización dun torneo de rugby inclusivo o 4 de maio de 2024. Inclúese a posibilidade de utilización dos espazos habilitados para o servizo de cafetería, segundo as condicións definidas polo Departamento de Deporte e supeditada ao cumprimento das normas sectoriais que sexan de aplicación.

No caso de que as condicións climatolóxicas ou calquera outra situación non permita a utilización destas instalacións, o acontecemento trasladarase aos campos de fútbol municipais de céspede natural e de céspede artificial de Conxo.

## **23. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00016192T.**



Tomar coñecemento da sentenza AP 4224/2023, EXD 59/2018 PO 328/2015 CA1. Execución de Sentenza 248/2017, ditada no PO 328/2015. |

Sentenza nº 035/2024

AP 4224/2023, Execución 59/2018 PO 328/2015 CA1

Obxecto: execución de Sentenza 248/2017, ditada no PO 328/2015.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en casación.

O obxecto do PO 328/2015 era unha orde de execución, que obrigaba aos titulares da parcela a executar un noiro de contención en Vilvestro.

Acórdase: |

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento. |

#### **24. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00015736G.**

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 258/2022 CA1 sobre sanción por non identificar a condutor infractor |

Sentenza nº 052/2024

PA 258/2022 CA1

Obxecto: sanción de 1.200€ por non identificar ao condutor infractor.

A sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tráfico para a súa execución.

#### **25. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00016171W.**

Tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e as Concellerías Delegadas. |

Acórdase tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e as Concellerías delegadas no período comprendido entre o 27 de marzo e o 4 de abril de 2024. |

### **URXENCIAS**

#### **1. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00046182X.**

**Resolución do contrato de obra "Execución das obras de dotación de iluminación pública coa súa correspondente rede de alimentación ao tramo de estrada que une Xulacasa (Figueiras)".**

Acórdase:

Primeiro. Resolver, ao abeiro do establecido no artigo 211.1 d) da LCSP, o contrato de Execución das obras de dotación de iluminación pública coa súa correspondente rede de alimentación ao tramo de estrada que une Xulacasa (Figueiras) asinado coa empresa MONTAJES ELECTRICOS NOROESTE SL pola demora inxustificada dos prazos de execución da obra que debería ter rematado o día 21/01/2023.

Segundo. Incautar a garantía definitiva por importe de 1.967,65 € constituída pola empresa MONTAJES ELECTRICOS NOROESTE SL con NIF B-70003199 (núm. operación 320220002515, avalista: COMPAÑIA ESPAÑOLA DE SEGUROS DE CREDITO A LA EXPORTACIÓN SA) para responder do contrato de Execución das obras de dotación de iluminación pública coa súa correspondente rede de alimentación ao tramo de estrada que une Xulacasa (Figueiras. EXPTE. 2021/32268B).

Terceiro. Notificar este acordo a MONTAJES ELECTRICOS NOROESTE SL , ao avalista COMPAÑIA ESPAÑOLA DE SEGUROS DE CREDITO A LA EXPORTACIÓN SA e aos Servizos Económicos do Concello.

**2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00008355Q.**

Toma de coñecemento de que a razón social do adxudicatario do contrato "Servizo de mantemento das instalacións eléctricas dos edificios municipais" muda de AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, SAU a CLECE FS, SA.

Acórdase:

Primeiro.- Tomar razón do cambio de denominación social de AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, SAU a CLECE FS, SAU, de tal xeito que toda clase de dereitos e obrigas pendentes e futuras que vinculen a sociedade con este Concello relativas ao contrato de prestación do Servizo de mantemento das instalacións eléctricas dos edificios municipais do Concello de Santiago de Compostela entenderanse con CLECE FS, SAU. Para responder deste contrato nos termos establecidos no art. 110 da LCSP está constituída unha garantía definitiva por importe de 21.237.61 € a nome de AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, SAU.

Segundo.- Este acordo será comunicado a CLECE FS, SAU, ao centro xestor e aos servizos económicos do concello.

**3. INFORMÁTICA. Referencia: 2024/00016451Y.**

**Convalidación da omisión da función interventora e aprobación do gasto por importe de 5.598,19 € correspondente ás facturas expedidas por UTE TELEFONICA pola prestación dos servizos de voz e datos no mes de xaneiro de 2024.**

Acórdase:

**Primeiro.-** Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

**Segundo.-** Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CINCO MIL CINCOCEMOS NOVENTA E OITO EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (5.598,19 €), que comeza pola factura núm. F/2024/834 por importe de 914,92 e remata pola factura núm. F/2024/835 por importe de 4.683,27, todas elas emitidas por UTE DE Telefónica España SAU Telefónica Móviles España SAU.

**Terceiro.-** Dispoñer a continuidade das prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

**4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00043893V.**

**Validación da prórroga do contrato de servizos para o desenvolvemento do Plan de Sustentabilidade Turística.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar, ao abeiro do establecido no artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, e no 52 da Lei 39/2015, de 1 de Procedemento administrativo común das Administracións públicas o acordo do 29/12/2023 que literalmente di:

*Primeiro.- Prorrogar o contrato de Servizo de xerencia do plan desenvolvemento turístico sostible de Santiago de Compostela asinado coa empresa ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN SA polo prazo de 16 meses, que se contará desde o día 01/01/2024 e que rematará o día 30/04/2025. O importe*

*da prórroga ascende a 109.710,52 €. O gasto impútase á aplicación 070 43200 6400000 (Código de proxecto: 2020-2 PSTUR 61 1).*

Segundo.- Imputar o gasto derivado da execución do contrato por importe de 109.710,52 € á aplicación 080 43200 6400000 (Código de proxecto: 2020-2 PSTUR 611) dos orzamentos municipais para 2024.

Terceiro.- Ordenar que por parte dos servizos da Tesourería Central do concello se lle solicite, ao abeiro do establecido no artigo 77 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, xeral orzamentaria e os procedementos regulamentariamente establecidos, a ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN SA, o reintegro das cantidades percibidas a maiores en relación co contrato Servizo de xerencia do plan desenvolvemento turístico sostible. Os pagos tramitados exceden en 22.302,55 € a contía que debería aboarse con motivo da execución deste contrato.

Cuarto.- Notificar este acordo a ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN SA

Quinto.- Darlle traslado deste acordo á Tesourería Central deste concello así coma á Intervención municipal.